

Paralá

Para toda a miña xente
Un saudo paralá
Para tódolos meu parentes
Un saudo paralá
Para a xentiña da igualada
Un saudo paralá
E para os de oza dos rios
Un saudo paralá.

Para toda a miña xente
Para todo os meu parentes
Para a xentiña do mundo
Para o meu irmán presente.
Paralá...

Para a xente que non maxina,
Un saudo paralá,
Para os que son musulmáns,
Un saudo paralá,
Para os que son orientais,
Un saudo paralá,
Para a miña xente africana,
Un saudo paralá.

Muiñeira da ribeira,
Muiñeira ribeirana,
Muiñeira da ribeira,
Compuña de mala ghana,
Compuña de mala ghana.
Ailalelo, ailelalo...

Vainos levando na volta,
Na volta vainos levando,
Como están aquí de novas,
Vainos acariñando,
Vainos acariñando.
Ailalelo, ailelalo...

Pra aquí, pra alá,
Pra alá, pra acá,
E os daquí pra acolá,
Pra alá e pra alá
E os do brasil vinde pra aquí,
Que nós imos pra alí,
Alen dalí

E o mundiño rola, rola,
O mundiño a rolar,
E así anda e así anda
Terémolo que coidar,
Así anda e así anda
Canta un rato, meu irmao
Así anda e así anda
O mundiño a rolar.

Para a xente que non maxina.
Un saudo paralá.
Para os que son musulmáns,
Un saudo paralá,
Para os que son orientais,
Un saudo paralá,
Para a miña xente africana.
Un saudo paralá.

Pra aquí, pra alá,
Pra alá, pra acá,
E os daquí pra acolá,
Pra alá e pra alá,
E os do brasil vinde pra aquí
Que nós imos pra alí,
Alen dalí

E o mundiño rola, rola
O mundiño a rolar
Así anda e así anda
Terémolo que coidar,
Así anda e así anda
Canta un rato, meu irmao
Así anda e así anda
O mundiño a rolar

Para toda a miña xente,
Para todo os meu parentes,
Para a xentiña do mundo,
Para o meu irmán presente.

Oiches esta canción:
Paralá, daquí pra alá,
Pra alá, pra acá.